

# Memoria de dirección

CURSO 2013- 2014

## ÍNDICE

- ❶ Obxectivos
- ❷ Resultados académicos:
  - ESO
  - Bacharelato
  - PCPI
  - Educación Secundaria de Adultos
- ❸ Informe de dirección:
  - Rexistro de actividades.
- ❹ Avaliación

O curso 2013-2014 desenvolveuse dentro dun ambiente de normalidade, sen casos graves que afectasen á convivencia ou dificultasen a marcha académica xeral do centro. Por outra banda, acadáronse satisfactoriamente os obxetivos xerais e específicos marcados na Programación Xeral Anual (PXA).

## 1 Obxectivos

### **1. Incorporar o Programa de Reforzo e Apoio (PROA) ás modalidades do contrato programa no cal xa contamos co Programa de Mellora para o Éxito Escolar.**

Foron aprobadas as dúas modalidades. Na *1a- Modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo* participaron 20 alumnos da ESO atendidos durante as catro horas semanais por catro profesoras do centro. Contamos, ademais, con transporte para esta actividade. Na modalidade *5- Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia* cumpríuse o extenso programa de actividades.

Salientamos que a porcentaxe de mellora dos resultados académicos do alumnado participante neste programa respecto á 1.ª avaliación foi do 38%, dezoito puntos máis do 20% sinalado como obxectivo inicial.

### **2. Atender ao alumnado de Educación Secundaria de Adultos de xeito específico coa ampliación da matrícula e o horario de apertura do centro polas tardes.**

Aumentouse espectacularmente a matrícula da ESA con respecto a anos anteriores. Impartimos o nivel III e IV con máis de vinte matriculados iniciais e doce asistentes regulares a clases. Finalmente, nove deles obtiveron o título de graduado en xuño. Para o vindeiro curso contamos con outra suba de matrícula e impartir tamén os niveis I e II.

### **3.Revisar o funcionamento da Aula de Diversidade e reactivar as aula-materia.**

Foi un asunto tratado en varias CCP e claustros. Aínda que non se acordaron medidas de mellora significativas neste aspecto, o funcionamento da Aula de Diversidade foi correcto, e houbo algunha grupo da ESO que non a empregou en ningunha ocasión.

### **4. Promover a participación do profesorado:**

Desenvolvéronse cinco Programas de innovación educativa incluídos no Proxecto: *Parlamento Xove, Alimenta-T ben, Deportivo de centro, Rede de Centros Solidarios de Galicia e Monte Vivo.*


Iniciamos a experiencia en proxectos europeos como co-participes nun Comenius Reggio con outros centros da comarca. Tamén foi importante o labor de preparación e presentación de toda a documentación para solicitar un proxecto K1 Erasmus + que foi aprobado para o vindeiro curso Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) con dous itinerarios: COMBAS e TIC. Realizáronse os cursos e grupos de traballo programados. Terá continuidade para o vindeiro curso.

#### **5. Actualizar a documentación do centro.**


Efectuáronse varias modificacións nas NOF do centro, debatidas e aprobadas ao longo do curso polo Consello Escolar.

Tamén se actualizaron boa parte dos impresos e formularios do centro, algúns dispoñibles na páxina web do instituto. A nivel pedagóxico, o máis salientable foi a revisión do informe de competencias con acordos na CCP e claustro para seguir traballando o vindeiro curso.

## 2 Resultados académicos (xuño, 2014)




### 2.º ESO








### 3.º ESO-A

### 3.º ESO-B



### 4.º ESO





**ESA. ORDINARIA – 2º CUADRIMESTRE**

	ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO M4	ÁMBITO COMUNICACIÓN M4	ÁMBITO SOCIAL M4	OFFERTA CURRICULAR PROPIA DO CENTRO M4
Nº MATRICULADOS	10	12	12	11
PROMOCIONAN	8 (80%)	9 (75%)	9 (75%)	8 (72' 7%)
NON NPROMOCIONAN	2 (20%)	3 (25%)	3 (25%)	3 (27' 3%)
<b>Acadan o título da ESO en Xuño ..... 9 (75%)</b>				

**2º PCPI. FINAL VOLUNTARIA- 2º CUADRIMESTRE**

	CIENTÍFICO-MATEMÁTICO II	COMPETENCIA COMUNICATIVA E DIXITAL II	SOCIEDADE E CIDADANÍA II
<i>Nº MATRICULADOS</i>	7	8	8
<i>PROMOCIONAN</i>	7 (100 %)	8 (100 %)	7 (87'5%)
<i>NON NPROMOCIONAN</i>			1(12'5%)
<b>Acadan o título da ESO en Xuño ..... 7 (87'5%)</b>			

**1º PCPI. AVALIACIÓN FINAL**

	COMPET. COMUNICATIVA E DIXITAL I	SOCIEDADE E CIDADANÍA I	CIENTÍFICO-MATEMÁTICO I	INICIATIVA PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS	FCT
Nº MATRICULADOS	5	5	5	5	5
PROMOCIONAN	5 (100%)	5 (100%)	5 (100%)	5 (100%)	5 (100%)
<b>Promocionan a 2º PCPI ..... 5 (100 %)</b>					

## ③ Informe de dirección

Ao longo do curso desde a dirección do efecturouse e/ou impulsáronse as seguintes acción recollidas nun rexistro de actividades público consonte ao proxecto de dirección presentado polo actual equipo (<https://sites.google.com/site/proxectoiesmugardos/contexto>)

### Contexto socioeconómico

- CENTRO:
  - *Mantemento dos prezos da axuda ao transporte nas saídas escolares: 3 euros por medio día e 5 euros a xornada.*
  - *Posta en marcha do **PROGRAMA DE REFORZO, ORIENTACIÓN E APOIO.***
  - *Reforzo da Educación de Adultos: un grupo nivel III e IV.*
  - *Dinamización "Proxectos Solidarios" con participación na Rede de Centros Solidarios de Galicia dentro do Plan Proxecta.*
  - *Sección de Bolsas e axudas na páxina do instituto: [web](#)*
- FAMILIAS:
  - *Banco de Libros: [2013](#) e [2014](#).*
  - *Axudas da ANPA ao transporte nas saídas escolares.*
- CONCELLOS:
  - *Inclusión como centro autorizado no **Comedor escolar municipal** (Mugardos) para o alumnado da ESO.*
  - *Axudas para o ensino e o transporte do Concello de Mugardos ([Ligazón](#)).*
  - *Axudas do Concello de Ares ao transporte do alumnado ao instituto.*

### Instalacións e dotación material

- Pintura, redistribución e mellora de espazos na Sala de Profesores.
- Instalación de reloxos en todas as aulas.
- Obras na cuberta contratadas pola Unidade Técnica coa empresa **Finisterre**: renovación integral dos parafusos e cambio da placa en varios treitos para evitar as filtracións e entradas de auga.
  - *Subsanado: Pingueiras e filtracións en varias aulas antes e despois das obras.*
- Desmantelamento da 2.ª aula de informática e adecuación do Laboratorio de Física á súa dedicación orixinal. Desinventarización do equipamento informático obsoleto aprobada polo Consello Escolar do mes de xaneiro.
- Reordenamento do Departamento de Galego e Relixión.

Reparacións e revisións:

- Troco das caixas de seguridade dos extintores de incendios.
- Reparacións nas portas de acceso.
- Revisión da caldeira da calefacción.
- Revisión e mantemento da instalación eléctrica.

## Alumnado

- PREMIOS:
  - Olimpíada Matemática: Mención de Honra para a alumna **Laura Ordóñez** (1.º BAC.)
  - Incubadora de Sondaxes e Experimentos (SGAPEIO): Mención especial na fase nacional representando a Galicia: **Verónica González, Carlos Rodeiro, Carmen Sanmantín e Sergio Vila** de 1.º BAC.
  - Concurso literario Biblioteca de Ares: Mencións especiais para as alumnas **Margarita Ferreiro** (2.º ESO) e **Marta Rumbo** (1.º ESO).
  - 2.º premio no concurso de pintura Bello Piñeiro do Concello de Mugarbos para a alumna **Sara Salido Hermosilla** (1.º ESO).
- Presenza no **I Encontro da Rede de Centros Solidarios**. (Santiago, 4 de outubro). [web](#)
- Participación no **I Congreso Internacional da Xuventude**. (Ribeira, 25-26 de outubro). [web](#)
- Participación no **XXVI Congreso ENCIGA** (Ourense, 21 de novembro). [web](#) - [Programa](#)
- Participación na **Olimpíada Matemática** con Mención de Honra para a alumna **Laura Ordóñez** (1.º BAC.) [web](#).
- Participación en **El País de los Estudiantes**. Grupo do Programa de Mellora.
- Participación no **Canguro matemático**. 20 de marzo.
- Participación no **Parlamento Xove** nas categorías de Bacharelato e ESO.
- Participación no concurso **Novos Talentos de Narrativa Curta** - Coca-Cola. 2.º ESO.
- Participación nos premios **Emprende Xove** de AJE-Ferrol. [web](#)
- Exposición de fotografía "**Noméame e dáme un sentido**" na OMIX de Mugarbos. Maio. [web](#)
- Organización de **Debate.con** no Concello de Mugarbos. (10 de maio). [web](#)
- Participación nos **certames literarios dos Concellos de Mugarbos e Ares**.
- Participación en **Explicóche Matemáticas 2.0** con dous vídeos seleccionados. [web](#)
- Participación e mención no concurso **Incubadora de Sondaxes e Experimentos (SGAPEIO)**. Representación na categoría de Bacharelato na fase nacional en Granada. [web](#)
- Participación na **V Olimpíada Galega de Economía**. [web](#)

## Profesorado

- **PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO**  
PFPP 2013-2014 IES Mugarbos - Código:
  - Liña 1: Programación, desenvolvemento e avaliación de competencias básicas.**  
Grupo de Traballo "Detección e tratamento da diversidade a través do traballo coas competencias básicas (50 horas).
  - Liña 2: Integración didáctica das TICs.**  
Curso "Xestión de cursos Moodle" (20 horas)  
Grupo de Traballo "Unha biblioteca na nube (25 horas)
- **COMBAS - Fase 2**  
Coordinadora: **Mara Meiriño**
- **COMENIUS REGGIO**
- Documentación e trámites para participar no vindeiro curso nun programa de **movilidade** docente k-1 dentro dos novos ERASMUS +



- **Ponencias, conferencias e publicacións:**

- **Gabriela Sánchez Cortizas**, *licenza por formación en linguas estranxeiras. Estadía en Canadá*. Outubro, 2013 (Nova [Diario de Ferrol](#))
- **Covadonga Rodríguez-Moldes**, ponencia na *Xornada sobre o Ensino da Estatística (9 de novembro, 2013)* na Fundación Barrié da Coruña. [Programa](#).
- **Marta González Perez**, ponencia na *Xornada de Formación Inicial do Plan Proxecta* presentado *Froitografía*. (9 de novembro, 2013).
- **Leticia Ogando**, ponencia na Xornada de Formación Inicial do Plan Proxecta presentando *Estudo e Deporte* (16 de novembro, 2013)
- **Covadonga Rodríguez-Moldes** e tres alumnos, ponencia no Congreso ENCIGA para presentaren "A caixa dos números reais". Ourense, novembro 2013. web.
- **Manuel Pousa Castelo**, contacto coa escola portuguesa ....
- **Pilar Calvo Adegá** seleccionada para o curso Talento 3.0 da Fundación Barrié.
  
- **JUAN CARNEIRO** e outro, "O castelo dos Andrade: unha proposta de intervención. Os exemplos de Moeche e Naraío" in [Cátedra, revista eumesa de estudos](#). Número 20, 2013

## Persoal non docente

- Establecemento de dobre turno de conserxería para atender o centro de 8:30 a 20:00 horas.

## Familias. ANPA

- Presentación do curso 2013-2014 ás familias **[24 de setembro, 2013]** [Foto](#)
- Charla da Garda Civil para pais e nais sobre os riscos da internet. **[26 de novembro, 2013]**
- Recepción titorías-familias. Presentación ás familias dos resultados da Avaliación Diagnóstica e resolución dos Contratos-Programa **[17 de decembro, 2013]**
- Recepción titoría-familias **[Abril, 2014]**
- BANCO DE LIBROS
- Reunión orientadora coas familias do alumnado de 4.º ESO sobre o ensino posobrigatorio. **[Xuño, 2014]**
- **ANPA:**
  - Reunións mensuais coa dirección.

## Relacións coa contorna

- Colaboración coa **Policía Local**: operativo de control de tráfico nas horas de entrada e charlas sobre educación vial.
- Revisión do Plan de Autoprotección. Simulacro de confinamento. Festa da seguridade.
- Participación coa asociación de empresarios de comercio e hostalaría **PortoMagno**: Recicla no Nadal.
- Colaboración co **Concello de Mugardos**:
  - Monitora de teatro; Obradoiro de cómic...
  - Pleno Xove ([web](#))

- **Curso de escritura creativa** co poeta Eduardo Estévez para o Club de Lectura.
- Organización **Debate.con**
- Charlas de Orientación
- Exposición fotografía OMIX: "Noméame e dáme un sentido".
- Xurados dos premios literarios e de pintura (Mugardos e Ares)
- Colaboración co club de fútbol **Galicia de Mugardos**: apoio ao equipo de fútbol feminino na captación de xogadoras.
- **Clubs deportivos**: III Premio Estudo e Deporte.

## Actividades complementarias e extraescolares

Ver memoria de vicedirección.

## Biblioteca e Plan Lector

Ver memoria da Biblioteca

- Continuidade no **Plan de Mellora da Biblioteca Escolar**
- Reunión do *Equipo de Biblioteca* dentro do horario lectivo: mércores a terceira hora.
- Comezo da HORA DE LER [**Outubro, 2013**] [Foto](#)
- Incorporación da actividade de cálculo mental **Conta comigo**.
- Grupo de Traballo "*Unha biblioteca na nube*" dentro do PFPP.
- Clubs de Lectura. [Resolución da Consellería](#).
- Enquisa sobre a biblioteca e os servizos bibliotecarios.

## Normalización Lingüística

Ver memoria do EDL.

- Carta-calendario ás familias.
- Concurso de cabazas.
- Concurso de Entroido.
- Festival das Letras.
- Concurso de fotografía "O galego e nós"

## Dinamización de linguas estranxeiras

- Tres grupos CUALE: A1, A2 e B1
  - Presentación ás probas da EOI.
- Programas europeos: COMENIUS REGGIO.
- Seccións bilingües (1.º, 2.º e 3.º ESO)
  - Solicitud de sección bilingüe en 4.º ESO na materia de Ciencias Sociais.
- Auxiliar de conversa: Shawna Berk.

## TIC e sistemas informáticos

- Mantemento da [páxina web](#), [aula virtual](#) e [galería de imaxes](#) do centro.
- Mantemento da conta **Facebook** (<https://www.facebook.com/ies.mugardos>)

- Apertura da canle **YouTube**
- Itinerario TIC dentro do PFPP:
  - Curso *Xestión de cursos Moodle* (20 horas).
- Charla da Garda Civil para pais e nais sobre os riscos da internet. **[26 de novembro, 2013]**
- Solicitud de equipamentos á Consellería:
  - Un ordenador...
- Adquisición de catro equipamentos (características...)

## Outros

- Contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería.
- Carteis de "Apaga as luces" en todas as aulas.
- Recollida de tapóns solidarios.
- Recollida de alimentos Nadal, 2013.
- Xubilación dos mestres Luciano Vila e Errose Landa.

## 4 Avaliación

Para a avaliación da marcha do curso baseámonos nos datos fornecidos pola comunidade educativa por medio das memorias dos departamentos, unha enquisa de satisfacción do alumnado realizada a finais do segundo trimestre, os informes da convivencia e encontro mensual coa directiva da ANPA, etc. Segundo isto podemos resumir a necesidade de mellorarmos, entre outros, os seguintes aspectos:

- Perfeccionamento do Plan de Acción Titorial.
- Mellorar a coordinación docente, principalmente no relativo á atención á diversidade.
- Afianzar os cambios metodóxicos dos docentes aproveitando as posibilidades das TIC, programas de formación, etc. Seguir traballando nas avaliación das competencias básicas.
- Impulsar un novo Plan Lector e Plan Lingüístico de centro.
- Aumentar a efectividade da orientación académica e profesional para cada unha das ofertas educativas do centro.

Mugardos, 5 de xullo de 2014.